

1. INTRODUCCIÓN: XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

Xa dende o curso 2011/12 o CPI As Mirandas leva inmerso en proxectos de innovación educativa que propón a Consellería de Educación. É por iso que vemos indispensable a nosa continuidade no novo programa de “Introdución á robótica educativa en primaria”, xa que ofrece unha metodoloxía activa, recursos motivadores para o alumnado e un enfoque interdisciplinar da aprendizaxe coa que estamos amplamente identificados/as.

A través do presente programa poderemos garantir que o noso alumnado adquiera non só coñecementos curriculares senón, tamén, que acade as competencias clave para o seu pleno desenvolvemento tanto persoal coma social; traballando así as áreas STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas).

Debido ao interese suscitado estes curso tanto polo alumnado como polo profesorado e á cantidade de alumnado que temos, precisamos dunha dotación maior que nos axude na consecución dos obxectivos propostos.

2. NIVEIS EDUCATIVOS.

Os niveis educativos para os que está pensado este proxecto serán para os cursos de 4º e 6º de Educación Primaria.

Así mesmo, hai un amplo número de profesorado que non pertence a estes niveis educativos que asistiron á formación dos cursos pasados polo que ven necesaria a inclusión da robótica dentro da súa práctica docente (A.L., P.T., E.I., L.I....)

3. EXPERIENCIA DO PROFESORADO EN PROXECTOS DE INNOVACIÓN.

Dende hai 7 anos, o profesorado de secundaria do noso centro formouse en montaxe e programación de Escornabots no CFR de Ferrol. Isto implicou a posta en marcha da robótica como parte do curriculum da área de Tecnoloxía en 4º da ESO. A partir de aquí, contando cun número suficientes de robots para traballar, propuxemos adaptar un recuncho dentro da Biblioteca escolar de centro con diferentes propostas adaptadas á educación infantil e primaria.

Tamén dende a aula de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica empregouse como recurso para traballar a xeneralización da linguaxe oral.

Durante os cursos pasados a formación recibida encamiñouse ao montaxe, programación, metodoloxía e aplicación curricular dos Mbot, Lego Wedo, Doc... e a impresión dixital.

O noso centro está implicado noutros proxectos de innovación educativa así como :

- **Patios dinámicos.**

- **PFPP:**

Líneas de traballo:

- Deseño e desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial
- Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.
- Iniciativas formativas no ámbito STEM (ciencia-tecnoloxía-enxeñaría-matemáticas).

3 itinerarios :

- Introducción curricular á robótica e á programación .
Coodinadora: Conchi Cambeiro
- EDixgal no CPI As Mirandas . Coordinadora: Vanesa Sánchez
- PITEAS: Coordinadora Olalla Pérez Otero

- **Programas internacionais:**

- Erasmus+ KA229: **2019-1-ES01-KA229-065656_1**
Manifestaciones Artísticas desde las Festividades y Tradiciones Europeas
- Erasmus+ KA101 co CFR : 2019-1-ES01-KA101-063452. TIC-TAC. Tecnologías de la Información y Comunicación. Tecnologías de Aprendizaje y Conocimiento. Mejorando nuestra competencia digital en Europa

- **Proxecto Interdisciplinar de centro:** Ares de conto

- **Plambe**
- **Seccións bilingües** : 2 en Primaria na materia de Plástica e en 4 na ESO na materia de Música
- **Semana Stem-Week** para alumnado de 3º ESO- *ORDE do 8 de maio de 2019 pola que se regulan a convocatoria e a selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería para participaren en actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, English Week, dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.*
- **Edisgal.** En 5º e 6º de E.P.
- **Grupo de traballo de robótica.** Participamos nun grupo de traballo de mestres de E.P. no CFR de Ferrol.
- **Solicitud de novo proxecto de Innovación educativa “Club de Letras”.**

4. DESCRIPCIÓN DO PROXECTO.

Vendo o gran interese suscitado polo alumnado e profesorado en robótica suxerimos para este curso escolar diferentes propostas:

- Aplicar de forma transversal o presente programa nos cursos de 4º e 6º de educación primaria.
- Continuar coa formación do profesorado en construción e programación dos robots e impresión dixital.
- Continuar coa habilitación dun espazo de robótica na aula de informática con robots de uso educativo (Mbot, Lego Boost, Escornabots,...)
- Continuación do recuncho de robótica na biblioteca escolar, aumentando e mellorando as diferentes propostas de traballo cos robots.
- Uso e manexo de robots co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- Elaboración da programación didáctica para a área de libre configuración de 6º de educación primaria “*Introducción á programación e robótica educativa*”, como proposta para o vindeiro curso escolar.
- Continuidade na implementación de robótica na asignatura de Tecnoloxía en 4º da ESO.
- Fomento de áreas STEM.

5. NECESIDADES FORMATIVAS DOS DOCENTES.

Unha vez iniciados na montaxe e no manexo dos MBot vemos a necesidade ampliar os nosos coñecementos nestes apartados, principalmente en programación.

No presente curso escolar precisamos facer un repaso de todos os contidos para o profesorado novo.